

## INSTALACIONES

A actividade desenvolverase principalmente nas inmediacións do Pazo de Feiras e Congresos e no propio Pazo, onde se establecerá a base do campamento. O Club Fluvial, o Polideportivo O Palomar, o Campo Municipal da Cheda, etc., serán tamén espazos utilizados para o desenvolvemento das actividades.

## EQUIPO TÉCNICO

As actividades estarán dirixidas por un director ou directora de tempo libre en cada grupo de idade, e o grupo de traballo completaranos monitores e monitoras de tempo libre, todos eles coordinados por persoas da organización que velarán polo correcto funcionamento das actividades. Tamén contaremos coa presenza de diferentes monitoras e monitores deportivos para actividades concretas.

## DATOS DE INTERESE

A actividade iniciárase ás 9.00 h da mañá, pero dende as 8.30 horas estarán os monitores e monitoras nas instalacións para recibir os rapaces e rapazas.

A organización disporá de servizo de autobuses para a recollida e entrega dos rapaces e das rapazas que así o desexen. Os traxectos e paradas estableceranse seguindo a demanda.

### Organizadores:



ncd  
eventos

### Patrocinador:



Concello de Lugo

### Colaboradores:



Vive o  
**Verán**  
en Lugo



De 4 a 16 anos (ambos inclusive)  
De luns a venres,  
do 1 de xullo ao 29 de agosto  
Das 9.00 h da mañá ás 8.00 h da tarde

### INFORMACIÓN

Tel.: 982 229 747 // 982 285 200

Web: [www.pfclugo.com](http://www.pfclugo.com)

E-mail: [veranenlugo@ncdeventos.com](mailto:veranenlugo@ncdeventos.com)

Pazo: Avenida dos Deportes s/n, Lugo

## PRAZAS

As prazas ofertadas son: 600, 50 para cada grupo de idade en cada quenda.

## INSCRIPCIÓN:

Do 19 de maio ao 19 de xuño, nas instalacións do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Documentación que hai que presentar:

1. Ficha de inscrición debidamente cuberta
2. Informe médico debidamente cuberto
3. Fotocopia do DNI
4. Fotocopia da tarxeta sanitaria
5. 2 fotos carné recentes

## PREZO

195 € (desprazamento de bus, bocadillo de media mañá, xantar, merenda e seguro de responsabilidade civil incluídos)

Desconto do 10% a partir do/da 2º irmán/á

## FORMA DE PAGO

1. Mediante ingreso en conta\*:  
CAIXANOVA: 2080-0152-63-0040021041  
CAIXAGALICIA: 3070-0001-28-1137323422  
CAIXA RURAL: 2100-2335-59-0200032977  
BANESTO: 2091-0152-23-3040053414
2. En metálico no Pazo de Feiras e Congresos
3. Mediante tarxeta de crédito no Pazo de Feiras e Congresos

\* Deberase indicar o nome e apelidos do neno/a

Na primeira edición de Verán en Lugo queremos ofrecervos un amplo número de actividades, de tal forma que poidades aproveitar ao máximo o voso tempo de lecer na nosa cidade.

A organización busca neste proxecto a realización dun conxunto de actividades dinámicas, onde o lecer e a aprendizaxe se complementen.

Realizaremos diferentes actividades deportivas (fútbol sala, baloncesto, voleibol, balonmán, tenis...), actividades acuáticas, obradoiros, xincanas, buscas do tesouro, xogos, dinámicas grupais e moito máis. Ademais, farase unha excursión ao parque acuático de Cerdeda e unha acampada inesquecible (grupos de 9 a 16 anos).

Se tes entre 4 e 16 anos e ganas de pasalo ben, goza connosco dun verán diferente,

dun

**Verán en Lugo**  
APÚNTATE

## DATAS:

Os campamentos terán lugar do 1 de xullo ao 31 de agosto en catro quendas de 15 días:

- 1º Quenda: do 1 ao 15 de xullo
- 2º Quenda: do 16 ao 31 de xullo
- 3º Quenda: do 1 ao 15 de agosto
- 4º Quenda: do 16 ao 31 de agosto

Estableceranse tres grupos de idade:

- De 4 a 8 anos
- De 9 a 12 anos
- De 13 a 16 anos

As actividades realizaranse das 09.00 ás 20.00 h, polo que contaremos cun servizo de comedor.